

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona Sandra Sánchez Vieites, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de outubro de 2021, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202110281800340000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 7/2021

Acceso á videoacta – 00:01:09 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de outubro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe de 2.385,08 euros.

Visto que a factura que se pretende aprobar non se aprobou con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se realizou a subministración.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 7/2021 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2021 por importe de 2.385,08 euros, correspondente á factura que se relaciona a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2021/1011	14/05/2021	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	2.385,08
			TOTAL	2.385,08 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Déase traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de outubro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Vota en contra a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). E abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente núm. 8/2021

Acceso á videoacta – 00:03:12 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de

outubro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe de 2.152,25 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 8/2021 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2021 por importe de 2.152,25 euros, correspondente ás facturas que se relaciona a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2020/2436	16/09/2020	J70337720	NOVA CRISTALERIA, S.C.	85,31
F/2020/3077	09/12/2020	B70576095	AUTOTALLER JM ASOCIADOS 2019 S.L.	1.229,09
F/2021/1466	22/07/2021	B70465000	ECOCLIMA APLICACIONES, S.L.	837,85
			TOTAL	2.152,25 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Déase traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de outubro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez

Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Proposta de indemnización dos gastos xurídicos de defensa nas dilixencias previas, procedemento abreviado núm. 548/2020, por un suposto delito contra a ordenación do territorio

Acceso á videoacta – 00:13:21 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de outubro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a solicitude de don Óscar A. García Patiño, alcalde do concello, con número de rexistro de entrada 20210000000983, de data 18 de marzo de 2021, de abono polo Concello do importe das costas de defensa do proceso de denuncia Pavillón Anceis, por ter sido abonadas por el mesmo,

Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 000548/2020 (NIG 15030 43 2 2020 0004160) Delito/Delito leve: contra a ordenación do territorio

Denunciante/Querellante: Raul Varela Fraguío, Olga Santos López, Juan María Abalo Castex, María José García Hidalgo, Brais Cubeiro Fernández

Contra: Juan González Leirós, Oscar A. García Patiño, Susana Bahamonde López

Procurador: Javier Carlos Sánchez García, Javier Carlos Sánchez García, Javier Carlos Sánchez García Abogado: José Luis Gutiérrez Aranguren, José Luis Gutiérrez Aranguren, José Luis Gutiérrez Aranguren

Visto que por Providencia de data 9 de marzo de 2021, se archiva o antedito procedemento.

Vistas que as facturas aportadas, para os efectos de cuantificar o importe da indemnización dos gastos xurídicos de defensa nos que se incorreu no exercicio dos seus cargos, nas Dilixencias previas Procedemento abreviado núm. 548/2020, cuxo importe ascende a un total de 3.968,13 euros:

- factura emitida por Jose Luis Gutiérrez Aranguren co núm. 78/2020 con data 11/11/2020 a Óscar A. García Patiño, en concepto de *Honorarios a cuenta por defensa encomendada en las Diligencias Previas de Procedimiento abreviado nº 548/2020 del Juzgado de Instrucción nº 7 de A Coruña*, por importe de 1.500,00 euros (IVE incluído).
- factura emitida por Jose Luis Gutiérrez Aranguren co núm. 24/2021 con data 12/02/2021 a Óscar A. García Patiño, en concepto de Liquidación de *Honorarios por defensa encomendada en las Diligencias Previas de Procedimiento abreviado nº 548/2020 del Juzgado de Instrucción nº 7 de A Coruña, sobreseídas y archivadas por Auto de 9 de febrero de 2021*, por importe de 2.420,00 euros (IVE incluído).
- factura emitida polo notario Francisco Javier Pérez Tabernero a Óscar A. García Patiño con núm. C001206 de data 19/10/2020 emitida en concepto de poder para preitos por importe de 48,13 euros.

Tendo en conta que por tratarse do mesmo procedemento e razóns de operatividade emitíronse as facturas polos honorarios de defensa encomendada nas dilixencias previas correspondentes á arquitecta técnica municipal e aos membros da corporación, a nome do señor alcalde.

Tendo en conta o informe emitido pola Intervención e Secretaría municipais con data 18 de outubro de 2021 no que se fai constar que sendo a responsabilidade penal de carácter persoalísimo e intransferible, predicable exclusivamente respecto de persoas físicas, en principio, aínda que non habería motivo para que unha persoa xurídica, neste caso o concello de Cambre, asumira os gastos nunha defensa allea, non obstante, no suposto plantexado se cumpren os requisitos fixados pola sentenza do Tribunal Supremo de 4 de febreiro de 2002 para que unha corporación local poida considerar os

gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Considerando que os gastos ocasionados reúnen, pois, a consideración de indemnización para os efectos establecidos nos artigos 75.4 da Lei 7/1985, 13.5 do Real Decreto 2568/1986 e 21.1 do Regulamento orgánico municipal por canto son efectivos e foron ocasionados no exercicio dos seus respectivos cargos e de non ser aboados producirían indefensión nos interesados.

Visto que se trata de gastos efectivos ocasionados no exercicio dos seus cargos.

Viste que existe crédito na aplicación orzamentaria 912.23300 do actual orzamento municipal para atender a solicitude de indemnización.

A medio do presente formulo ao pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:

Primeiro: Declarar o dereito á indemnización dos gastos xurídicos nos que incorreron no exercicio dos seus cargos para a súa defensa nas dilixencias previas do procedemento abreviado núm. 548/2020 por un suposto delito contra a ordenación do territorio por importe de 3.968,13 euros, de don Óscar A. García Patiño, en calidade de alcalde do concello de Cambre, don Juan González Leirós en calidade de concelleiro de Urbanismo e Obras e dona Susana Baamonde López en calidade de arquitecta técnica municipal.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de outubro de 2021.

Visto o voto particular presentado pola concelleira de EU-Son en Común, rexistrado de entrada ao núm. 999/5528, o día 22 de outubro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«XUSTIFICACIÓN DA PRESENTACIÓN DO VOTO PARTICULAR

Preséntase a aprobación do pleno a proposta para a declaración do dereito á indemnización dos gastos xurídicos nos que incorreron no exercicio dos seus cargos para a súa defensa nas dilixencias previas do procedemento abreviado núm. 548/2020 por un suposto delito contra a ordenación do territorio por importe de 3.968,13 euros, de don Óscar A. García Patiño, en calidade de alcalde do Concello de Cambre, don Juan González Leirós, en calidade de concelleiro de Urbanismo e Obras e dona S.B.L en calidade de arquitecta técnica municipal.

Adoece, ao meu parecer, a proposta de diversas incorreccións ou inconcrecións que paso a explicitar:

NO RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN

PRIMEIRO: Confusión entre o carácter personalísimo da responsabilidade penal e a defensa conxunta de dous cargos políticos e unha funcionaria sen distinción da parte correspondente a cada unha das persoas inmersas no proceso penal.

Tanto en informe de Secretaría e Intervención como en proposta da concelleira delegada faise mención a que os funcionarios públicos teñen recoñecido "**un dereito de carácter individual á defensa xurídica**".

No mesmo informe, sustentando ese dereito da funcionaria a defensa xurídica, faise unha clara separación de competencias entre as do alcalde e as do Pleno:

"O órgano competente para a autorización da asunción dos gastos de representación e defensa procesual con cargo ao orzamento municipal é distinto para o funcionario municipal e os membros electos, SENDO A COMPETENCIA PARA DETERMINAR A INDEMNIZACIÓN DA ARQUITECTA TÉCNICA MUNICIPAL DO ALCALDE, E A COMPETENCIA PARA DETERMINAR A PROCEDENCIA E A CONTÍA DA INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS ELECTOS, DO PLENO (...)"

A proposta, por tanto encomenda ao pleno a votación dun asunto que non é da súa competencia, e escusa ao alcalde de determinar a indemnización da funcionaria.

SEGUNDO: Incorporación á proposta de 3 facturas que delimitan a actuación profesional do avogado, tendo en conta o carácter personalísimo dos procedementos penais.

A/ FRA EMITIDA POLO AVOGADO O 11/11/2020 ao alcalde x 1.500 euros "Honorarios a conta por defensa encomendada nas Dilixencias Previas (...)"

A data da factura é 11/11/2020.

O pago da factura, por parte do alcalde é anterior á súa emisión, cuestión de pouca estética, por unha parte, con data 9/11/2020.

A providencia pola que a xuíza chama en calidade de investigados ao concelleiro e á funcionaria é do día 2/11/2020:

A declaración de ambos prodúcese o 19/11/2020.

Estas datas acreditan que, como moi tarde o día 2/11/2020 o alcalde xa sabía que el non estaba investigado. Non temos capacidade comprensiva para discernir por que o alcalde pretende que se lle pague un avogado cando dende o 2/11/2020 sabe que el non está investigado, non comparece, non acude ao xulgado, non ten necesidade de contratar defensa porque el non a precisa por ser coñecedor de que non vai intervir no proceso penal.

B/ FRA EMITIDA POLO AVOGADO O 12/02/2021 ao alcalde, en concepto de liquidación de honorarios por defensa encomendada nas Dilixencias previas (...) por importe de 2.420,00€.

En todo o proceso o alcalde non precisou defensa xurídica por non ser investigado.

Non queda claro, por tanto, se no informe de Intervención e na proposta da concelleira delegada se contempla se os gastos facturados polo avogado amparan ao alcalde, ao alcalde e ao concelleiro, ao concelleiro e a funcionaria, a todos xuntos ou a ningún en concreto, entrando en clara confrontación co xa mencionado carácter personalísimo e intransmisible dos procesos penais e nunha falta de clarividencia no concepto e desagregación que as arcas públicas asumen co pago de facturas que o alcalde, sen consultar nin co Pleno, nin coa Xunta de Voceiros, nin coa Xunta de Goberno local, decide contratar persoal e directamente e agora si pretende que sexa o Pleno o que se pronuncie sobre a procedencia da dita indemnización. En definitiva, non existe forma de poder saber qué se está aboando cos cartos públicos do Concello de Cambre.

Atendendo á proposta e aos informes, os veciños do Concello de Cambre afrontarán unha decisión unilateral, arbitraria, non consultada e non especificada do alcalde de Cambre.

C/ FRA EMITIDA POLO NOTARIO O 19/10/2020 POLA EMISIÓN DE PODER PARA PREITOS a nome do alcalde e o concelleiro de Urbanismo.

Consideramos inapropiada a incorporación desta factura á proposta.

O poder xeral para preitos faculta a un ou varios procuradores e/ou avogados para actuar nos Xulgados en nome dos seus representados.

Existen dúas formas de outorgamento do poder xeral para preitos:

- A través de **escritura pública outorgada ante Notario**, cun custo aproximado de 50€
- **Apud Acta**, comparecendo ante o xulgado, ou a través de sede electrónica. De xeito gratuito.

Non alcanzamos a comprender que o alcalde pretenda que as arcas públicas aboan uns gastos absolutamente innecesarios, porque exactamente o mesmo trámite o pode facer dende a cadeira do seu despacho, ou comparecendo no Xulgado.

Ambas formas de apoderamento son exactamente igual de lexítimas coa soa diferenza de que o poder notarial ten custo económico e o poder "apud acta" é inmediato e gratuito.

Se o alcalde decide incluír esta factura para o seu aboamento, e ten algún tipo de xustificación documental que invalide o procedemento apud acta con comparecencia a través de rexistro electrónico, deberá, ao noso parecer, incorporala á petición de indemnización, e ser requirida, no seu caso, polos asinantes do informe que ampara a proposta. Se non a inclúe, como é o caso, dá lugar a pensar que optou pola opción máis cara por mera veleidade do máis alto cargo do concello.

NO RELATIVO Á PROPOSTA

Toda unha serie de constatacións e probas fidedignas que viñeron dándose no longo transcorrer do proceso relativo á construción ilegal do pavillón de Anceis, levan á asinante deste escrito a entender que non poden ser os veciños e veciñas os que teñan que pagar as ilegalidades cometidas polos gobernantes que, con coñecemento demostrado e recoñecido das ditas ilegalidades, pretenden que se lle aboe a súa defensa legal ante a instancia xudicial que proceda en cada caso.

Algúns dos feitos que demostran que o alcalde pretende que se lle resarzan os seus pagos pola defensa do concelleiro responsable das ditas ilegalidades, son os seguintes:

1.- Probada existencia dunha ILEGALIDADE ADMINISTRATIVA recollida expresamente no auto do xulgado de instrución número 7 da Coruña no que se indica que **"del resultado de la documentación aportada se desprende como inicialmente se ha cometido una ilegalidad administrativa"** (DOCUMENTO 1).

2.- Recoñecida existencia dunha ILEGALIDADE por parte do Goberno de Cambre en xaneiro de 2020, segundo manifestacións do propio Goberno a La Opinión da Coruña que entrecomilla o termo "ilegal" cando relata que:

"El Ayuntamiento de Cambre ha admitido que el pabellón polideportivo de Anceis, construido con un donativo de Amancio Ortega a una asociación vecinal de la parroquia, es "ilegal". (DOCUMENTO 2)

3.- Recoñecida tecnicamente unha ILEGALIDADE, dende o preciso momento no que debe ser tramitado un proxecto de LEGALIZACIÓN en setembro de 2020. Non hai necesidade de legalizar nada que non sexa ilegal. Neste sentido tamén é posible acreditar a ilegalidade.

4.- Recoñecemento dunha ILEGALIDADE e a maiores unha IMPRUDENCIA, a partir das manifestacións do concelleiro de Urbanismo nas comisións informativas de outubro do 2019: **"Don Juan González Leirós contesta que é un problema de risco. (...) Se se trata dun partido de fútbol con catro xogadores supón que non habería problema, pero se é para moita xente está claro que non pode ser. Teñen un problema e o concello considera que non poden celebrarse actos multitudinarios."**

Estas declaracións sucedían un ano despois de que o propio alcalde celebrara, con coñecemento do concelleiro, unha churrascada multitudinaria no interior do pavillón, considerando, un ano despois que NON poden celebrarse actos multitudinarios. (DOCUMENTO 3)

5.- Comunicación escrita dirixida ao alcalde con data xuño 2019 e remitida polo xefe de Sección de Planeamento e Xestión no que se recolle, dentro dos diversos expedientes deste concello nos que presuntamente existían irregularidades a seguinte:

"Construcción do polideportivo de Anceis antes de que alcance firmeza o plan especial e se obteñan os terreos necesarios por expropiación ou convenio que son imprescindibles para que se xustifique o cumprimento dos parámetros de ordenación da lei do solo." (DOCUMENTO 4)

6.- Inexistencia, a día de hoxe, de ningún pavillón polideportivo pechado no inventario de bens do Concello de Cambre, senón que o que hai recepcionado no concello é unha pista polideportiva cuberta e sen peche perimetral.

Polo anteriormente xustificado e exposto, e no ánimo de que os cargos públicos presentes nesta Corporación se fagan cargo da relevancia das presentes evidencias, presento o seguinte:

VOTO PARTICULAR

PROPOSTA DE ACORDO DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA FACENDA E RHH

PRIMEIRO: Declarar o dereito á indemnización dos gastos xurídicos non que incorreron no exercicio dos seus cargos para a súa defensa nas dilixencias previas do procedemento abreviado número. 548/2020 por un suposto delito contra a ordenación do territorio por importe de 3.968,13 euros, de don Oscar A. García Patiño, en calidade de alcalde do Concello de Cambre, don Juan González Leirós en calidade de concelleiro de Urbanismo e Obras e dona S.B.L en calidade de arquitecta técnica municipal

PROPOSTA DE ACORDO DO VOTO PARTICULAR:

ACORDO PRIMEIRO: Que o concelleiro de Urbanismo, como máximo responsable das diferentes irregularidades cometidas no proceso, da ilegalidade na construción do pavillón de Anceis, en chan rústico, con pleno coñecemento da situación tanto pola súa formación profesional e laboral, como polos advertimentos, entre outros moitos do arquitecto municipal do Concello de Cambre, esta concelleira asinante e a súa propia confesión, asuma de xeito persoal o importe reclamado polo alcalde por gastos de representación legal, evitando as veciñas e veciños ter que asumir economicamente a defensa legal de quen demostradamente cometeu ilegalidade administrativa na construción do pavillón tal e como expresa o auto do xulgado nº 7 da Coruña.»

Faise constar que cando son as 20:34 h, na súa primeira intervención, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, solicita que conste expresamente en acta que: *“o escrito que se presentou na Fiscalía denunciaba feitos para o alcalde e o concelleiro. Que o Ministerio Fiscal admitiuno a trámite, pasouno ao Xulgado núm. 7 que foi o que decidiu investigar á funcionaria. Que non pase porque quen lea o informe ou a proposta, ou os escoite, pode dar a sensación de que eles (os grupos) foron os que dalgún xeito denunciaron á funcionaria, e non foi así.”*

Sometido o voto particular a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita o voto particular presentado pola concelleira de EU-Son en Común, rexistrado de entrada ao núm. 999/5528, o día 22 de outubro de 2021, tal e como foi transcrito.

Sometida a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de outubro de 2021, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de outubro de 2021, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Proposta de modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

Acceso á videoacta – 01:15:24 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social, de data 18 de outubro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Antecedentes

Visto que o Concello de Cambre en sesión plenaria do 18 de xullo de 2013 aprobou, con carácter inicial, a ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar e derogación da ordenanza anterior. Esta ordenanza reguladora foi exposta ao público durante trinta días, non se presentaron reclamacións ou suxestións, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 144 do 31 de xullo de 2013, foi aprobada definitivamente e publicado o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia núm. 180 do 20 de setembro de 2013.

Visto que con data 27 de febreiro de 2014 aprobouse no pleno ordinario unha nova modificación desta ordenanza nos seus artigos 14 e 21, así como o modelo de solicitude, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 48, do 12 de marzo de 2014 e definitivamente no BOP núm. 81, do 30 de abril de 2014.

Visto que no pleno ordinario do 28 de outubro de 2015 aprobouse a inclusión dun novo apartado “F. Axudas para un almorzo saudable”, no artigo 11.- Axudas escolares (publicado inicialmente no Boletín Oficial da Provincia núm. 219, do 16 de novembro de 2015 e definitivamente no BOP núm. 7, do 13 de xaneiro de 2016.

Visto que no pleno do 25 de xuño de 2020 aprobouse unha nova modificación pola que se incluíu a Disposición final segunda na cal se recolle un aumento do importe máximo do total das axudas, durante os exercicios 2020 e 2021, publicada inicialmente no Boletín Oficial da Provincia núm. 100, do 3 de xullo de 2020 e definitivamente no BOP núm. 136, do 24 de agosto de 2020.

Vistos o informe da coordinadora de servizos sociais e o informe de intervención de data 18 de outubro de 2021.

Esta concellería propón ó Pleno da corporación, previo ditame da comisión de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar social, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, consistente na modificación do artigo 6 e da Disposición Final Segunda durante o exercicio 2022, do seguinte teor literal:

“Art. 6.- Axudas para alimentación básica e hixiene persoal

1. Consiste na cobertura básica das necesidades primarias de alimentación e hixiene persoal para previr situacións de risco que afecten a persoas ou grupos familiares.

A cobertura desta axuda faise a través dun sistema de vale de compra nominal, que consiste no seguinte:

- O técnico de servizos sociais entrega ao beneficiario un vale de compra autocopiativo, reservándose unha copia para achegar ao expediente social.
 - O beneficiario entrega o vale orixinal no autoservizo concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado.
 - Mensualmente o establecemento concertado remítelle ao concello unha factura xunto cos vales orixinais co importe total do mes correspondente.
- O número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar será de 6.
O tempo máximo para poder percibir vales de alimentos será de 18 meses, a contar dende a data do primeiro vale entregado e unha vez aprobado o presente regulamento.

Unha vez esgotado o período máximo de concesión non poderán ser beneficiarios de novo ata pasado un período mínimo de 6 meses, salvo que a criterio técnico se considere necesario non interromper o período máximo de concesión.

2. Existen dous tipos de vales nominativos diferenciados polos importes en función do número de membros da unidade familiar:

- Vale nominativo A por importe de 100 euros: dirixido a aquelas unidades familiares de 3 ou menos membros.
- Vale nominativo B por importe de 150 euros: dirixido a aquelas unidades familiares de máis de 3 membros.

O importe de cada vale será de 50 euros para darlle a posibilidade ao usuario de poder ir en dous ou tres veces segundo o caso, ao longo dos dous meses de validez do bono.

Os vales de compra emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán o vale de compra ao establecemento concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer a compra.

Os vales expediranse por importe 50 euros. O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente no caso de sobrepasar a cantidade indicada anteriormente.

Os vales terán validez de dous meses, a contar a partir da data reflectida neles.

Os vales de compra deberán conter:

- Valor do vale (50 euros).
- Número de vale.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura da traballadora social de referencia.
- Sinatura da coordinadora de servizos sociais.
- Sinatura do concelleiro/a delegada da área.
- Data de expedición do vale.

Para facer a compra o usuario terá que ter en conta unha serie de normas, especificadas no reverso do vale:

En ningún caso poderanse adquirir algún dos seguintes produtos:

- Bebidas alcohólicas de ningún tipo
- Produtos de denominación de orixe (xamóns, lacóns, embutidos de tipo ibérico,...)
- Especialidades concretas

Deberanse consumir preferentemente produtos de primeira necesidade e de marcas brancas.

3. Os produtos que se poden proporcionar serán os relacionados para unha alimentación sana e equilibrada, destinados a cubrir as necesidades básicas ademais de produtos de droguería, limpeza e hixiene persoal.

No caso de ter que facer algunha modificación terá que estar debidamente documentado.

4. Existe dous tipos de Vale extraordinario de Nadal, diferenciados polos importes en función do número de membros da unidade familiar:

- Vale nominativo A por importe de 100 euros: dirixido a aquelas unidades familiares de 3 ou menos membros.
- Vale nominativo B por importe de 150 euros: dirixido a aquelas unidades familiares de máis de 3 membros.

Dito vale extraordinario se concede para a adquisición de produtos para a celebración do periodo de Nadal nos últimos dous meses do ano. A súa concesión non computará para os efectos dos límites previstos no artigo 4.1 da presente ordenanza.

5. No suposto de que chegue a coñecemento dos servizos sociais municipais que o beneficiario obtivo unha axuda doutra administración, institución ou entidade pública ou privada, en concepto de alimentos ou produtos similares aos proporcionados mediante os vales, o técnico de servizos sociais que teña instruído o expediente poderá propoñer a extinción do dereito á axuda, iso de conformidade co establecido nos artigos 2.1 e 23.3 desta ordenanza.

Cando a utilización desta axuda non se axuste á normativa establecida nesta ordenanza reguladora, dará lugar á perda do dereito de desfrutar dela.”

Disposición Final Segunda:

1. Durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 a cantidade máxima a percibir en 12 meses pola unidade familiar beneficiaria, prevista no artigo 4.1, dende a data de resolución da concesión das axudas comprendidas nesta ordenanza, non poderá superar na súa totalidade os seguintes importes:

NÚMERO DE MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS
1 MEMBRO	ATA 2 VECES O IPREM
2 OU 3 MEMBROS	ATA 3 VECES O IPREM
4 MEMBROS OU MÁIS	ATA 4 VECES O IPREM

2. En canto ao número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar que figuran con un máximo de 6 conforme o artigo 6.1, se aumentan a 12 durante os exercicios 2020, 2021 e 2022.

3. Durante os exercicios 2020, 2021 e 2022, non serán aplicables os límites ás contías de axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de luz eléctrica, gas, auga, recibo de enganche de luz por corte (impago) e recibo de conexión de gas por corte (impago), que impidan os cortes de subministracións básicas da vivenda habitual, así como para o aluguer desta que impida os procedementos de desafuzamento por impago, cando existan garantías de continuidade da vivenda, previstos no artigo 7 da ordenanza.

4. A efectos de simplificación da tramitación durante o estado de nova normalidade así como eventuais retrocesos do mesmo ata fase 0, a documentación será solicitada unha soa vez a efectos de concesión da contía e en sucesivas solicitudes so os documentos imprescindibles para verificar que non se modificou a situación do solicitante.”

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos/ás interesados/as por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello de Cambre, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación municipal.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e polo tanto, definitivamente aprobada a modificación da ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 21 de outubro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto,

dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Mocións urxentes en asuntos competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 01:17:30 horas

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:17:32 horas

A) Proposta de declaración institucional promovida pola FEMP con motivo do Día internacional das mulleres rurais

Vista a proposta de declaración institucional remitida pola FEMP con motivo do Día internacional das mulleres rurais, que consta do seguinte teor literal:

“Desde o Concello de Cambre sumámonos á conmemoración do 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais, renovamos o noso compromiso coa igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas, vivan onde vivan, e recordamos a urxente necesidade de poñer en marcha as actuacións necesarias para garantir unha mellora na situación da muller nas zonas rurais.

Un compromiso que parte do recoñecemento das dificultades que viven as áreas rurais, do continuo e constante declive demográfico no que se atopan sometidas e da urxente necesidade de construír unha España baseada nun modelo de sociedade e de territorio no que, á vez que se crece, corríxense desigualdades e créanse oportunidades.

Un ámbito, o rural, que se escribe en masculino motivado por un éxodo que se escribe en feminino, onde dúas de cada tres persoas que abandonan un pobo son mulleres atraídas polas oportunidades laborais e a maior prestación de servizos públicos que ofrecen as cidades.

Un movemento poboacional sostido que revela ademais un índice de envellecemento xeral dos municipios rurais nos que destaca o envellecemento feminino, influíndo directamente no mantemento da poboación rural e na pervivencia do arraigo das seguintes xeracións.

Unha urxente necesidade de avanzar na folla de ruta cara unha España cohesionada que garanta oportunidades de crecemento e impulso económico que ofrezca unha vida plena e equitativa á poboación rural e que ofrezca solucións efectivas ao desenvolvemento persoal e profesional das mulleres.

Unha pandemia ocasionada pola COVID-19 que revelou a vulnerabilidade das cidades, deseñadas sobre a concentración da poboación e contrarias ao sentido de comunidade, despertando unha oportunidade para cambiar a mirada sobre o territorio e aumentando, si cabe, os desafíos estruturais que é preciso abordar para facer fronte á desigualdade que viven os territorios menos poboados.

Novamente, avogamos porque a despoboamento e a igualdade de xénero no ámbito rural estean no centro da axenda política e solicitamos apoio ao Goberno de España e á Xunta de Galicia para que os concellos continuemos desenvolvendo accións que impulsen a igualdade de xénero nos nosos territorios como estratexia esencial cara un efectivo asentamento da poboación e unha loita contra o envellecemento. Por todo iso, o Concello de Cambre:

- Súmase a todas as voces que claman por un futuro en igualdade.
- Reivindicamos os nosos esforzos na defensa dos valores constitucionais e o noso empeño en avanzar mediante políticas locais de igualdade cara un futuro limpo de inxustiza social.
- Recoñecemos o papel esencial das mulleres para asentar a poboación, para loitar contra o envellecemento dos nosos pobos e defendemos a súa visibilización e empoderamento como estratexia para o cambio social, económico e cultural necesario para a construción dun futuro en igualdade.
- Comprometémonos a continuar traballando na promoción de actuacións, programas e estratexias dirixidas a garantir oportunidades laborais e facilitar medidas de conciliación e corresponsabilidade que permitan o seu pleno desenvolvemento persoal, familiar e laboral.
- Reafirmamos o noso compromiso coa inclusión da perspectiva de xénero en todas as políticas locais e apostamos polo incremento de mulleres en postos de toma de decisións en todos os ámbitos, incluíndo o nivel político e na actividade económica do medio rural.
- Ratificamos a importancia da coordinación e do intercambio de iniciativas como medio para detectar e transferir novas actividades dirixidas a erradicar as actitudes e comportamentos que reproducen e perpetúan a desigualdade e reclamamos maiores recursos para garantir a igualdade entre territorios, con independencia da súa poboación.
- Recordamos que non son posibles as políticas de igualdade sen os concellos e recoñecemos o insubstituíble labor realizado por todas as Entidades locais.
- Reivindicamos a necesidade de garantir o financiamento suficiente para levar a cabo as competencias en materia de igualdade e asegurar a implementación de todas as iniciativas necesarias para garantir a igualdade efectiva das persoas en todos os municipios.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 21 de outubro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:23:00 horas

B) Proposta de declaración institucional contra a violencia de xénero

Vista a proposta de declaración institucional da concelleira delegada da Área de Benestar Social, que consta do seguinte teor literal:

“Neste 25 de novembro, no que se conmemora o Día internacional para a Eliminación da Violencia contra a muller, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, en memoria das irmáns Mirabal, tres activistas políticas da República Dominicana que foron brutalmente asasinadas en 1960, aproveitamos unha vez mais, para incidir na responsabilidade de todos e todas, pero sobre todo das Administracións Públicas, na urxencia de utilizar todos os recursos para erradicar esta agresión cara os dereitos fundamentais das mulleres.

A violencia contra as mulleres é unha das mais degradantes violacións dos Dereitos Humanos e continúa progresando no ámbito global. Non respecta fronteiras, culturas nin niveis económicos. Está presente en tempos de conflito e de paz, no fogar, no traballo e na rúa. É unha inxustiza manifesta que impide que a sociedade avance no camiño da igualdade e o benestar común que todos/as queremos.

Todas as formas de violencia contra as mulleres teñen en común a súa orixe na situación estrutural de desigualdade real e subordinación na que se atopan as mulleres na sociedade.

Esta situación vense agravando nos últimos anos a consecuencia das novas formas de relacionarse que nos proporciona a tecnoloxía, sendo cada vez mais novas as mulleres obxecto desta violencia, pola facilidade de control que propician as ferramentas aos que case todo se todas temos acceso. Asemade, as restricións de movemento e de reunión provocadas pola COVID 19 non fixo mais que agravar as situación de violencia machista no noso país.

Non se pode esquecer que cada vez que se produce unha situación de vulneración dos dereitos da muller, vulnerase tamén os dereitos dos nenos e nenas, que tanto de forma directa como indirecta son obxecto da violencia que se leva a cabo dentro dos seus fogares, deixando unhas secuelas moi difíciles de borrar, sen esquecer o drama que supón para a familia e amizades da vítima.

Nesta época de crise post pandémica onde as condicións de precariedade económica e laboral contribúen a incrementar a indefensión de colectivos de mulleres que imposibilitan mais a súa independencia e dificultan a saída da espiral de violencia, hai que apostar pola educación e a sensibilización como única forma de erradicar totalmente a violencia machista, incorporando no sistema de educación, a igualdade entre mulleres e homes, involucrándonos todos como pais e educadores nos valores de igualdade e tolerancia.

Contamos cunha lexislación tanto autonómica como estatal que ten por obxecto actuar contra a violencia establecendo medidas de protección integral cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia ás mulleres, a os seus fillos menores, vítimas desta violencia, así como dotando de medidas para a prevención, sensibilización e formación para implicar a toda a sociedade.

Porén, a pesar da utilidade e do recoñecemento internacional recibido pola lei integral, do importante proceso de toma de conciencia social que se ten producido no noso país sobre a gravidade da violencia contra as mulleres e o gran obstáculo que isto supón para a convivencia democrática, a pesar de todo elo, hoxe, algunhas forzas políticas expoñen unha demolición de toda a estrutura de prevención, atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e para iso contan coa complicidade de partidos políticos dispostos a laminar o dereito das mulleres a unha vida libre de violencia; como si 1.113 mulleres asasinadas desde que temos datos, e unha media de 150.000 denuncias anuais por maltrato non foran razóns suficientes para rexeitas sen ambaxes e illar a quen sen tapuzos fan do machismo a súa bandeira política.

Tamén, as Administracións Locais, teñen a importante labor, dada a súa proximidade ao cidadán, de detectar posibles casos de violencia, así como de aplicar en todas a súas actuacións cotiás medidas que impliquen prevención e sensibilización en todos os seus cidadáns, creando unha conciencia a toda a cidadanía de tolerancia cero fronte a violencia machista, intentado que esta violencia aflore do entorno íntimo e familiar, á luz pública para a súa visualización. Para esta labor as Corporacións Locais deben contar cunhas competencias definidas e efectivas e un financiamento adecuado que posibilite accións eficaces, polo que a ferramenta do Pacto de Estado contra as violencias machistas érxese como un instrumento fundamental que hai que manter e ampliar.

O compromiso das forzas políticas coa democracia e o estado de dereito esixe un compromiso coa vida e coa liberdade das mulleres, un compromiso firme en pro dunha política sostida para erradicar a violencia de xénero. Non podemos, non debemos poñer en perigo o presente e futuro das mulleres e dos seus fillos e fillas.

Así o esixe a sociedade, e en particular, as organizacións de mulleres que saben que nesta materia só se conseguen avances se hai un compromiso de todas as forzas políticas e sociais para colocar na axenda política a loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.

Por todas estas razóns, faise necesario redobrar os esforzos contra a violencia de xénero, mantela como prioridade política e democrática, illar aos violentos e a quen lles da cobertura política, e esixir que se reforce o sistema de protección para as mulleres vítimas e se desenvolvan todos os recursos e medidas que se contemplan no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Por todo isto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Volver a manifestar con motivo do próximo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, a nosa mais enérxica repulsa ante as situacións de malos tratos e violencia machista que veñen padecendo as mulleres, á vez expresar a nosa solidariedade coas vítimas e as súas familias. Debéndose dotar dos recursos orzamentarios necesarios para resolver este grave e urxente problema de Estado.

Segundo: Proclamar TOLERANCIA CERO cara a violencia de xénero, utilizando todos os instrumentos que esta Corporación Local ten ao seu alcance para erradicar na súa totalidade a violencia cara as mulleres.

Terceiro: Impulsar, reforzar e seguir poñendo en valor as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, co obxectivo de combater o terrorismo machista, o problema mais grave que sofre actualmente a sociedade española, que ten o seu caldo de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.

Cuarto: Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero e a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.

Quinto: Continuar apoiando ás organizacións formais e informais (grupos de mulleres) e a quen defendan os dereitos das mulleres que teñen actuado como catalizadores e puntas de lanza dos avances lexislativos e políticos no campo dos dereitos das mulleres.

Sexto: Esixir ao resto de administracións unha implicación coordinada, aportando os medios necesarios, dotando economicamente o orzamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para garantir a atención xurídica, psicolóxica e social, en definitiva a protección efectiva das mulleres, tal e como se indica na Lei de medidas de protección Integral contra a violencia de xénero.

Sétimo: Reclamar que os concellos manteñan e amplíen as súas competencias na loita contra a violencia de xénero, dotándoos de recursos económicos a través dun financiamento local suficiente e xusto.

Oitavo: Tralas medidas impostas pola administración nos límites das reunións sociais e de traballo provocadas pola COVID 19, retomar a celebración da Mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero do Concello de Cambre.

Noveno: Ampliar a dotación económica destinada aos programas de igualdade nos orzamentos municipais 2022.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 21 de outubro de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto,

dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:32:40 horas

C) Declaración institucional de apoio aos traballadores e traballadoras do Concello de Cambre

Consta do seguinte teor literal:

«En vista das últimas manifestacións vertidas en redes sociais contra os traballadores do concello, e tendo en conta o escrito suscrito por todos os representantes sindicais do Concello de Cambre, a Corporación municipal quere manifestar o seu apoio aos traballadores e traballadoras deste concello recollendo integramente o escrito presentado polos sindicatos con representación nesta administración ao que pasamos a dar lectura:

“Recentemente os representantes sindicais do Concello de Cambre tivemos coñecemento dunha serie de manifestacións pexorativas e de bastante gravidade realizadas por cidadáns, a través das redes sociais, e dirixidas a unha traballadora do noso concello, que afectan non só ao ámbito público do seu traballo, senón tamén ao privado.

Este tipo de situacións non se dan frecuentemente, pero cada vez máis vemos que se levan a cabo de forma repetida, por iso decidimos tomar a iniciativa de trasladar a todos os membros da Corporación a nosa preocupación por esta situación.

Non nos enganamos, estamos acostumados a entrar en calquera das redes sociais e observar como, trala publicación de calquera comentario ou opinión, despréganse unha cascada de insultos, ataques e ofensas doutros perfís, en moitos casos anónimos, que finalmente terminan sendo gratuitos e impunes. Non se libra ninguén, políticos, xornalistas, deportistas, artistas, e, como non podía se doutra forma, tamén funcionarios.

Sabemos que a Constitución Española recoñece e protexe os dereitos a “expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións” así como “a comunicar e recibir libremente información” a través da palabra e tamén a través de calquera outro medio de difusión ou reprodución. Non obstante, a propia Constitución salienta que esas liberdades de expresión e información teñen o seu límite no respecto a outros dereitos e, especialmente, no dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe.

Está claro, polo tanto, que ningún dos dereitos en cuestión (liberdade de expresión ou dereito ao honor) é absoluto, polo que, no caso de darse un conflito entre eles, sempre imos ter que analizar as circunstancias do caso concreto, pero nesa análise existen unha serie de parámetros que consideramos deben terse en conta en todo caso:

- 1. Verificar se se trata ou non de asuntos de relevancia pública ou interese xeral. Está claro que comentarios sobre circunstancias familiares como os que se viron nalgúns foros, pouco teñen que ver coa nosa condición de funcionarios do Concello de Cambre, e moito menos co desenvolvemento do noso traballo.*
- 2. O requisito da veracidade. Non se poden transmitir como feitos verdadeiros o que son simples rumores carentes de constatación ou directamente meras invencións.*

3. *Total exclusión de expresións denigrantes, aldraxantes ou ofensas innecesarias. En ningún caso a información, a opinión ou a crítica poden manifestarse a través de frases e expresións aldraxantes ou ofensivas. A Constitución non está a recoñecer un dereito ao insulto á hora de expoñer as nosas ideas ou opinións.*

Somos conscientes de que o noso traballo é susceptible de crítica, como o de calquera outro traballador doutros sectores da sociedade.

A nós esa crítica vainos chegar fundamentalmente por parte da veciñanza, que é cara a quen se dirixe todo o noso labor e dedicación.

Nun primeiro momento o máis normal é que esa crítica nos vaia a molestar ou desgustar, somos humanos, é inevitable, pero sempre e cando se circunscribe estritamente ao noso traballo, e se exprese de forma razoada, que non lle caiba a dúbida a ninguén que a imos asumir con naturalidade e imos tratar de buscar unha solución.

Pero o que non se pode pretender é que os insultos e as desconsideracións de calquera tipo se asuman como algo inherente ao desempeño da nosa profesión, como "gajes do oficio".

Estes episodios supoñen para os traballadores e traballadoras un grande impacto psíquico e emocional, e, en último caso, poden ter secuelas graves que traspasan o ámbito laboral e poden chegar a afectar á vida persoal e familiar, por exemplo, interferindo na calidade do noso traballo, causando estrés laboral, ansiedade, etc.

Por outra parte, deixar claro que non é a nosa intención personalizar este escrito nun caso concreto, todo o que acabamos de expoñer é aplicable a calquera dos traballadores e traballadoras que integran o cadro de persoal municipal, especialmente a aqueles que teñen unha atención directa ao público, pero tampouco podemos obviar que o desencadenante final deste comunicado foi a situación sufrida por unha das profesionais dun dos colectivos municipais que ten unha idiosincrasia máis particular, referímonos aos Servizos Sociais municipais.

Por iso queremos amosar o noso apoio expreso ao labor desenvolvido por todos e todas as integrantes dos Servizos Sociais de Cambre, un labor que entendemos sempre tivo e terá como principal obxectivo o de mellorar o desenvolvemento dos dereitos sociais e as condicións de vida das persoas e familias máis vulnerables do noso concello.

Creemos sinceramente que todo aquel que elixiu o traballo social como profesión é porque ten un alto grao vocacional, e todos eles son conscientes de que xogan un papel fundamental nas relacións entre a cidadanía e as institucións.

Así pois, todos os sindicatos con representación no Concello de Cambre amosamos o noso rexeitamento e posicionamento de tolerancia cero fronte a todo tipo de agresión (verbal ou de calquera outra índole) que poidan sufrir os empregados públicos.

Tamén solicitamos o apoio institucional ante calquera tipo de ataque ou desconsideración, sexa cal sexa a súa procedencia, en defensa da imaxe dos traballadores e traballadoras do Concello de Cambre, do seu honor, prestixio profesional e sempre primando a presunción de inocencia no desenvolvemento do seu labor, de tal xeito que se poñan todos os medios á súa disposición co fin de lograr un ámbito laboral libre de violencia."

Por todo isto propónse ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: O Pleno Municipal e todos os grupos municipais que integran a Corporación Local rexeitan todo tipo de manifestacións ofensivas e pexorativas contra os traballadores e traballadoras do Concello de Cambre.

Segundo: O Pleno Municipal proclama a tolerancia cero fronte a todo tipo de agresión verbal ou de calquera outra índole que poidan sufrir os empregados públicos.

Terceiro: O Pleno Municipal apoia ás empregadas e empregados públicos ante calquera ataque ou desconsideración e defensa a imaxe, o honor, o prestixio profesional dos empregados e empregadas deste concello, primando sempre a presunción de inocencia no desenvolvemento do seu labor, poñendo todos os medios á súa disposición co fin de lograr un ámbito laboral libre de violencia.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 01:48:13 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por EU-Son en Común en defensa da atención primaria e de apoio á manifestación da Plataforma SOS Sanidade Pública o 14 de novembro en Santiago de Compostela. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío) a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

- Moción presentada por EU-Son en Común en defensa da atención primaria e de apoio á manifestación da Plataforma SOS Sanidade Pública o 14 de novembro en Santiago de Compostela

Rexistrada de entrada ao núm. 999/5530 o día 22 de outubro de 2021. Consta do seguinte teor literal:

“Antes da pandemia da Covid-19 a Atención Primaria xa atravesaba unha profunda crise estrutural, con déficit de profesionais pola falta de adecuación dos cadros de persoal as necesidades poboacionais, a non renovación de xubilacións, baixas e vacacións e as demoras e masificación na asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12 % do orzamento sanitario total, que é evidentemente insuficiente e é urxente incrementalalo.

Durante a pandemia, en Atención Primaria priorizouse a atención telefónica sobre a presencial o que impediu o acceso dos pacientes aos centros sanitarios e reduciuse o aforo das salas de agarda obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros de saúde. Suspendeuse a realización de probas e controles de saúde periódicos, sobre todo en pacientes con patoloxías crónicas. Estas medidas para evitar a transmisión, están tendo consecuencias negativas na calidade da atención que reciben as e os cidadáns, entre elas o atraso no diagnóstico de patoloxías como as tumorais.

Hoxe temos agardas de máis de 10-12 días para recibir atención médica de forma telefónica no centro de saúde, que poden chegar a un mes para unha consulta presencial, o que non é comprendido pola cidadanía e orixina nela un sentimento de abandono e desprotección por parte do Sistema Sanitario Público.

O contacto e a relación médico-paciente constitúe o alicerce fundamental da Atención Primaria, polo que manter esta modalidade de consulta telefónica ou telemática como base da atención sanitaria supón unha enorme limitación da accesibilidade, racionalidade e calidade do modelo sanitario. Isto xera malestar social e profesional que vai en aumento, cunha deterioración da imaxe do Sistema Sanitario Público.

Durante os meses de confinamento, as traballadoras e os traballadores da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao labor desenvolvido en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que, tras o estado da alarma sanitaria, o SERGAS impulsaría medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como recomendan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais. Lamentablemente a realidade é ben distinta e a cidadanía atopamos a mesma precariedade anterior acrecentada por unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ao centro de saúde.

Hai que recuperar a atención presencial e o acceso aos centros o antes posible, para evitar unha maior deterioración do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

As barreiras de acceso á Atención Primaria favorece a privatización, coa correspondente fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados (na actualidade xa supón un 20% da poboación) e a desprotección das persoas con menos recursos, en consecuencia un aumento da inequidade.

Para revertir esta situación, é necesario:

- A apertura dos centros de saúde, con consultas 100% presenciais como única maneira de garantir a igualdade de oportunidades á poboación, nunha contorna segura que manteña as medidas hixiénicas e sanitarias: máscaras e distancia de seguridade.
- Reapertura de todos os consultorios existentes e que foron pechados pola pandemia de Covid-19.
- Mellorar a accesibilidade acabando coas listas de espera, co desdoblamento das consultas e o incremento de persoal para a súa atención. Limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, que non limiten ou interfiran a necesaria relación persoal e presencial entre traballadores e traballadoras da Atención Primaria e a poboación, e que non sigan discriminando aínda máis ás persoas maiores ou con dificultades de acceso no manexo das novas tecnoloxías.
- Incrementar de maneira urxente o orzamento sanitario destinado a Atención Primaria. O obxectivo sería acadar o 25% do presuposto en 5 anos.
- Contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, implementando un "Plan de Mellora da Atención Primaria" que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.

Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia consideran que é urxente un cambio de política sanitaria da Xunta que poña en marcha medidas extraordinarias e urxentes, polo que esiximos a o SERGAS e ao Goberno Galego:

- A recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. Atención 100% Presencial XA !!
- Incremento do cadro de persoal, nos centros de saúde de Galicia.
- Repoñer a Xerencia de Atención primaria que eliminaron, como forma de organización específica da área e presuposto propio e non dependente do hospital de referencia.

A Xunta de Galicia do Sr. Nuñez Feijóo é o único responsable da deterioración da Atención Primaria en beneficio da sanidade privada. Se non facemos unha forte presión social e profesional para conseguir cambios de calado, a nova realidade pos-pandemia pode deteriorar aínda máis a situación que vimos padecendo dende hai moito tempo.

A plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, tras o traballo que están a realizar as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública nos ámbitos locais, vai convocar unha manifestación o domingo 14 de Novembro, as 12:00 h, en Santiago de Compostela, baixo o lema: "SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA", para revertir esta situación.

Por todo o anteriormente exposto, é polo que Esquerda Unida somete á consideración do Pleno a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**



Primeiro: O Pleno do Concello de Cambre mostra o seu apoio á manifestación que a plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia convoca para o vindeiro domingo 14 de novembro, ás 12 horas en Santiago de Compostela baixo o lema: "SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA".

Segundo: EU Cambre instamos ao Goberno municipal a poñer a disposición das veciñas e veciños de Cambre uns autobuses gratuítos para asistir á citada manifestación, xestionando o propio concello as reservas das prazas."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). E abstéñense o concelleiro presente de AV (don Raúl Varela Fraguío) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeitou a moción presentada por EU-Son en Común en defensa da atención primaria e de apoio á manifestación da Plataforma SOS Sanidade Pública o 14 de novembro en Santiago de Compostela.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:59:10 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1709/2021, do 6 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

"**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol de dona Lúa Sanguñedo Álvarez dende o día 5 ao día 9 de novembro de 2021, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:59:10 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/5585, o día 25 de outubro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:59:52 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

O pasado domingo 24 de outubro, celebrouse o Día internacional contra o cambio climático, celebración coa que, entre outros fins, preténdese aumentar a resiliencia ante o cambio climático. Día no que foron tomadas as fotografías que se achegan, nas que se aprecia a acumulación de sacos de residuos, colchóns e mobles, no cruzamento de estradas existentes en Anceis, na contorna da igrexa de Anceis, así como, unha vez máis, no cambio de sentido existente na N-550 á altura de Altamira.

O lamentable estado que ofrecen estes lugares demostra, unha vez máis, que o noso goberno local, non só incumpre os seus compromisos ao aceptar os rogos do Partido Popular neste asunto, senón que renuncia a sensibilizar aos nosos veciños no respecto e coidado do medio ambiente.

De aí que, unha vez máis, desde o Grupo Municipal Popular reiteremos que polo concelleiro competente se adopten, á maior brevidade posible, as medidas necesarias para acabar co degradado estado que presentan os puntos referidos e implante un programa de información e sensibilización medioambiental no noso municipio.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:01:15 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Varias son as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular se interesou polo estado no que se atopa o mobiliario público no noso municipio. Entre eles os bancos situados no Paseo Marítimo do Temple, respecto dos cales, a concelleira competente comprometeuse a substituír aqueles que non estiveran en condicións e a arranxar os que puideran ser reparados.

Transcorridos varios meses desde tales peticións e compromisos, o certo e verdade é que, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, son varios os bancos que do dito paseo que se atopan nun estado lamentable, incluso con algunhas das súas madeiras soltas e desprendidas que adoitan ser colocadas polos propios veciños, co perigo que iso supón para os usuarios do dito paseo.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se reitere a nosa petición de substitución e/ou correcta reparación dos bancos existentes no Paseo Marítimo do Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

3º rogo oral - Acceso á videoacta – 02:02:56 horas

Faise constar que don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, substitúe o 3º rogo dos presentados por escrito para este pleno, polo seguinte rogo oral:

Con data 13 de outubro de 2021 este grupo municipal presentou escrito polo que solicitabamos se nos dera traslado e copia dos expedientes administrativos incoados con ocasión das obras que se están levando a cabo nun predio do lugar de Samosteiro, así como do informe ao mesmo das actuacións levadas a cabo desde os distintos servizos e autoridades municipais con ocasión das obras postas de manifesto e da solicitude de información polos veciños do lugar.

Temos amparo legal no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 14 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, respecto do cal toda solicitude escrita debe contestarse no prazo de 5 días, transcorrido o cal prodúcese o silencio positivo.

Tendo transcorrido, polo tanto, máis de 5 días desde a data da nosa solicitude sen que esta fora resolta, en aplicación das disposicións normativas máis arriba referidas, este Grupo Municipal Popular presentou o pasado 24 de outubro, mediante rexistro telemático, un novo escrito no que volvíamos a solicitar que se nos dera acceso e copia do expediente.

Cal foi a nosa sorpresa cando o 26 de outubro de 2021 este grupo municipal recibiu un oficio de contestación ao noso escrito do 13 de outubro, sobrepasados en demasía os 5 días que habería para contestar, incumprindo gravemente o dereito fundamental á participación política dos concelleiros recollido no artigo 23 CE, cuxa necesidade de respecto lle foi recordada por Recomendación da Valedora do Pobo do 29 de marzo de 2021 ao Goberno Local, así como os artigos 77 LRBRL e 14 ROF, así como os postulados da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre comunícanos que, en relación co noso escrito do 13 de outubro de 2021 no que solicitamos acceder ao expediente que se está a tramitar en relación coas obras que se están a levar a cabo nun predio no lugar de Samosteiro, se nos recorda que por tratarse dun expediente en tramitación, para poder acceder a el debemos comparecer, cuestión que, como saben doutros expedientes, ten sido remitida incluso á Valedora do Pobo por obrígalos a facer unha cousa coa que non están conformes.

Á vista dos reiterados incumprimentos, tanto da normativa vixente como da recomendación da Valedora do Pobo, volvemos a solicitar que se dea cumprimento aos escritos presentados polo Grupo Municipal Popular o 13 de outubro, o 24 e o 26, e se lles dea acceso e copia do expediente ao que se están referindo.

O rogo será contestado por escrito.

Faise constar que cando son as 22:07 horas, dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común, solicita permiso para ausentarse da sesión.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/5582, o día 25 de outubro de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:07:56 horas

Lee o rogo don Daniel Carballada Rodríguez.

A eliminación por parte de Abanca do único caixeiro existente na urbanización A Barcala é unha mostra máis da nula sensibilidade social dunha entidade que, colectivamente, todos facemos sistemática e que foi, ademais, salvada no seu día con fondos públicos e agasallada a prezo de saldo ao seu actual propietario. Diante da actitude prepotente e hostil da entidade coa xente de Cambre, rogamos ao Concello de Cambre retire os seus fondos e elimine todos os seus vínculos e colaboracións coa citada entidade.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:09:27 horas

Lee o rogo don Daniel Carballada Rodríguez.

Diante da eliminación do único caixeiro existente na urbanización A Barcala rogamos ao concello estude a



posibilidade de mediar con establecementos presentes na urbanización (supermercado, estación de servizo, ...) para conseguir a instalación dun caixeiro nas súas dependencias.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta o rogo.

Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito

Acceso á videoacta – 02:10:25 horas

Contestaranse por escrito os rogos e preguntas de EU-Son en Común, rexistrados de entrada ao núm. 999/5586, o día 25 de outubro de 2021.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/5583, o día 25 de outubro de 2021.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:10:42 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O pasado 16 de outubro debutou por primeira vez no polideportivo dos Campóns unha liga feminina de hockey, vencendo o Hockey Cambre 3-1 na OK Liga Plata ante o Gatikako biscaíño.

As bancadas centrais para acceso de autoridades estaban delimitadas por cintas en ambos lados, como se aprecia nas fotografías.

Nin o alcalde, nin o concelleiro de Deportes, nin ningún membro do Goberno local asistiron ao debut do equipo feminino de Hockey Cambre.

Ante un evento de tanta importancia nacional para o deporte feminino de Cambre e sendo o seu debut, non é comprensible que a representación municipal fose nula e non acudise ninguén a saudar e felicitar ás xogadoras, situación esta que podería terse evitado se tiveran comunicado a toda a Corporación municipal do acontecemento deste evento único, por ser a primeira vez que o polideportivo acollía unha liga nacional feminina de hockey, e posto que noutras ocasións si teñen comunicado outros acontecementos que tamén eran importantes para o noso municipio.

Por tanto rogamos:

Que cando estea prevista a presenza de representación municipal nalgún tipo de evento destas características, sexan informados todos os grupos municipais desta Corporación de maneira que, confirmando as posibles asistencia, se eviten situacións como a sucedida coa OK Liga Plata Feminina.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:24:16 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Con cargo a un suplemento de crédito aprobado no pasado pleno do 29 de xullo de 2021 aprobouse o expediente de contratación para a subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos: un turismo e unha furgoneta de 5 prazas e tamén un furgón de 3 prazas, motivando a dita adquisición segundo o Goberno pola

necesidade de equipar á brigada de Obras e Servizos e aos vixiantes de obras de medios para desprazarse durante a execución das súas tarefas, sendo interese deste concello a renovación da flota deste tipo de vehículos para ser máis respectuosos co medio ambiente.

A dita motivación non foi apoiada con datos que xustificasen esa necesidade, datos que podían terse achegado se se realizase un control de flota exhaustivo mediante un software que xestionase a organización e administración dos vehículos do concello. Estes controis axudas a reducir os riscos dun uso indebido dos vehículos, a maximizar a realización de servizos ou mesmo a levar un control do mantemento. Con sistemas telemáticos para o seu seguimento, xestión do combustible, identificación dos condutores e do servizo realizado, ou aplicar medidas de seguridade entre outras funcións. Poden automatizar as tarefas repetidas e as rutinas, rexistrar todos os datos de movemento da flota e arquivalos, atopan as rutas máis económicas para cada servizo, organizan horarios de dispoñibilidade, reducen custos e tempo e, ademais evitan o uso inxustificado dos vehículos co conseguinte desgaste e consumo indiscriminado de combustible.

Polo tanto rogamos:

1. Se nos dea acceso ou faciliten todos os datos existentes do sistema de control de uso que se emprega actualmente e que se teñan realizado sobre todos os vehículos do concello dende xaneiro de 2020.
2. Se realice un control de flota mediante software que xestione a total organización e administración dos vehículos do concello.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta ao primeiro rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:31:42 horas

Faise constar que dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, substitúe o 3º rogo dos presentados por escrito para este pleno, polo segundo punto do 2º rogo, que non foi contestado pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, tal e como se transcribe a continuación:

A motivación non foi apoiada con datos que xustificasen esa necesidade, datos que podían terse achegado se se realizase un control de flota exhaustivo mediante un software que xestionase a organización e administración dos vehículos do concello. Estes controis axudas a reducir os riscos dun uso indebido dos vehículos, a maximizar a realización de servizos ou mesmo a levar un control do mantemento. Con sistemas telemáticos para o seu seguimento, xestión do combustible, identificación dos condutores e do servizo realizado, ou aplicar medidas de seguridade entre outras funcións. Poden automatizar as tarefas repetidas e as rutinas, rexistrar todos os datos de movemento da flota e arquivalos, atopan as rutas máis económicas para cada servizo, organizan horarios de dispoñibilidade, reducen custos e tempo e, ademais evitan o uso inxustificado dos vehículos co conseguinte desgaste e consumo indiscriminado de combustible.

Polo tanto rogamos:

Se realice un control de flota mediante software que xestione a total organización e administración dos vehículos do concello.

O rogo será contestado por escrito.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 02:33:21 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5585, o día 25 de outubro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:33:22 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Nas últimas semanas vimos como o parque infantil existente no Paseo Marítimo do Temple, nas inmediacións da Casa das Palmeiras, foi valado e atópase en obras, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se informe da intervención que se está levando a cabo no dito parque infantil, con inclusión, no seu informe, da data de apertura prevista.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:34:50 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

No pleno ordinario do pasado mes de setembro, o Grupo Municipal Popular puxo de manifesto as queixas veciñais recibidas, nas que se advertía da realización de distintas obras, públicas ou privadas, de envergadura que non contaban, meses despois de iniciadas, co correspondente panel informativo, no que adoitan recollerse datos como o promotor, tipo de intervención, datas de inicio e de terminación das obras e amparo municipal mediante licenza ou permiso.

En contestación á dita pregunta, o concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, reafirmou que o cartel de obra é O-BRI-GA-TO-RIO, que todas as obras teñen que levar o dito cartel, e a súa ausencia é unha irregularidade, razón pola que ao día seguinte remitiría un recordatorio aos técnicos municipais de vixilancia para advertirles da dita obriga.

Transcorrido un mes dende o dito compromiso, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Urbanismo polo resultado da dita instrución e polo número de procedementos sancionadores abertos neste último mes, como consecuencia de tal incumprimento.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:36:36 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Tras as trombas de auga vividas o pasado mes de setembro no noso municipio, que provocaron a inundación de garaxes e a intransitabilidade de varias rúas do Temple, os nosos veciños preguntan polas causas que motivaron que este ano se formaran bolsas de auga en vías públicas como o Paseo Marítimo do Temple ou a praza de Manuel Murguía, así como un maior estancamento de augas motivadas seguramente polas últimas obras alí realizadas ou a deficiente limpeza de sumidoiros e desaugadoiros.



De aí que desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente que medidas ten previstas tomar o noso concello para evitar ou paliar inundacións como as recentemente sufridas no noso municipio, fundamentalmente no Temple.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/5582, o día 25 de outubro de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª-2ª e 3ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:38:27 horas

Segundo temos entendido, o pasado sábado 23 de outubro houbo que suspender un partido por falta de iluminación no campo de fútbol municipal da Barcala. Polo tanto, preguntamos:

- A que se debeu a falta de iluminación?
- É a primeira vez que pasa?
- Que medidas van tomar para que non volva suceder?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dous horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López